



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A LARACHA

Anuncio da convocatoria da subvención "Agasalla comercio Local Ten Premio II"

Por resolución da alcaldía núm. 1158/2024 do 16.10.2024 aprobáronse as bases e a convocatoria das subvencións para a dinamización do comercio local da Laracha "AGASALLA COMERCIO LOCAL TEN PREMIO II" que din literalmente o seguinte:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA CAMPAÑA "AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II" PARA A DINAMIZACIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE EN 2024.

Artigo 1.- Obxecto da subvención.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación dunha nova medida de axudas que o Concello da Laracha outorgaralle ás persoas maiores de 18 anos, para promover a reactivación económica e a propiciar o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, taxis, cultural, educativo, salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza, estimulando a demanda a través do consumo en empresas locais polo procedemento previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As axudas faranse efectiva a través dos rasca e gaña da campaña "AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II", que poderán ser utilizados nos establecementos e actividades adheridas do sectores mencionados no paragrafo anterior, radicados no Concello da Laracha.

Os beneficiarios e beneficiarias dos citados rasca e gaña da campaña "AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II" serán as persoas físicas maiores de idade gañadoras dos rasca e gaña premiados que son parte activa, fundamental e imprescindible para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica dos sectores produtivos de proximidade.

O comercio tradicional, a hostalería e demais sectores económicos están sometidos a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo. Polo tanto dende o Concello de A Laracha con esta nova campaña pretende fomentar o consumo nestes negocios de proximidade.

Artigo 2.- Obxectivos.

O obxectivo do programa é o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, taxis, cultural, educativo, salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza municipais, a través dos rasca e gaña da campaña "AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II", procurando sensibilizar á cidadanía para o consumo nos establecementos do municipio a través desta actuación promocional.

Artigo 3.- Orzamento.

Os premios en rasca e gañan ascenden a 10.000 euros repartidos en 1.000 rasca e gañas por valor de 10 euros cada un; ademais entre os rasca e gaña non premiados se sortearán tres premios:

- Unha experiencia cultural (estancia 1 noite en hotel e entradas para ver El Rey León en Madrid para dúas persoas)
- Unha experiencia turística (estancia 2 noites con acceso a Spa no Augusta Eco Wellness Resort de Sanxenxo para dúas persoas).
- Unha experiencia gastronómica (cena/comida para dous)

Calquera dos premios poderán ser obxecto de cambio por parte do Concello, por causas de forza maior en todo caso por premios do mesmo ou superior valor.

Artigo 4.- Actividades subvencionables e principio aplicables.

Polas presentes bases promocionase a venda de bens, consumicións ou prestación de servizos a través dos rasca e gaña da campaña "AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II", que poderán ser utilizados nos establecementos e actividades comerciais, hostaleiros, taxis, cultural, educativo, gasoleiras, salóns de peiteados e outros tratamentos de beleza, que estean adheridos ao Programa.

A xestión dos fondos públicos asignados á campaña rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II” levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 5.- Alta e requisitos dos establecementos e negocios para a adhesión ao programa rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II”

1. Os establecementos e negocios que desexen adherirse ao programa rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II” deberán facelo mediante o formulario (anexo I) creado para este fin, a través da páxina web: www.nadal.alaracha.gal. Dito formulario recollerá os seguintes datos:

- Nome e apelidos/nome fiscal.
- Domicilio fiscal en Galicia.
- NIF/CIF.
- Nome, apelidos e DNI do representante.
- Nome comercial.
- Dirección do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE principal. Data de alta da actividade principal.
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento.

2. O prazo para adherirse ao programa será desde o día seguinte á publicación do anuncio de aprobación de bases no Boletín Oficial da Provincia. Tamén serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web ata o **15 de novembro de 2024** (incluído).

Segundo o artigo 36 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e cumprindo coa súa obrigaición, O Concello da Laracha remitirá os datos correspondentes a esta convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. Nesta edición hai unha novidade, os establecementos participantes poderán colaborar tamén coa aportación dun agasallo do seu local polo valor que estimen axeitado e que represente ao mesmo (nese caso entre os vales tamén estará o agasallo aportado como un premio mais, que será repartido de forma aleatoria entre o resto de vales.

4. Poderán adherirse ao programa de “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II” os establecementos que cumpran, ademais, os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan de establecemento permanente ou licenzas de taxis na Laracha e que reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade (quedan excluídas as actividades de venda ambulante e venda en liña).

b) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño¹.

c) Estar ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social, e co Concello da Laracha. Será comprobada de oficio, sempre que o establecemento autorice a súa consulta, en caso contrario deberá presentar certificados de estar ao corrente das obrigas.

(1) Para a definición de micro empresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para micro empresas. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias:

- a) Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.
- b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.
- c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez.

5. Quedan expresamente excluídos os entes públicos, as asociacións, fundacións, entidades sen ánimo de lucro, e aquelas empresas que formen parte dun grupo empresarial nos termos regulados no artigo 42 do Código de Comercio. Tampouco poderán participar os establecementos que non cumpran coas condicións do punto anterior nin coa forma establecida nesta convocatoria.

6. A adhesión á campaña rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II” suporá a aceptación das condicións e deberes do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, os establecementos adheridos deberán asinar unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados e sen prexuízo das facultades do Concello de verificar os datos declarados.

7. O sistema establecido (páxina web: www.nadal.alaracha.gal) estará habilitado de tal forma que permita ao Concello da Laracha publicitar e informar puntualmente todo o relativo a esta campaña rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II”, así como para dar de alta a todos os locais adheridos (O nome comercial e localización dos establecementos públicos).

Artigo 6.- Requisitos dos establecementos participantes.-

Os locais participantes que se sumen, á campaña rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II” deberán cumprir o obxectivo da campaña, colaborando có concello na súa difusión e correcto desenvolvemento.

Deberán colocar o totem/árbol/cartel decorativo e identificativo da campaña no exterior do local en lugar visible para os viandantes e ao remate da campaña devolvelo no Edificio Administrativo.

Comprometeranse a entregar un rasca e gaña por cada compra mínima de 10 euros que os clientes fagan no seu local.

Comprometeranse a aceptar para trocar un rasca e gaña “gañador” de 10 euros por cada 20 euros ou mais de compra (non serán acumulables) entre o 2 e o 22 de decembro (ambos incluídos), o antes en caso de esgotar existencias.

Comprometeranse a recoller os rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II”, premiados que se troquen nos seus establecementos e grampalos xunto ao tícket xustificativo de compra na que se troca o rasca e gaña. Xunto a estes, deberán presentar unha única factura polo valor de tódolos rasca e gaña trocados. Deberán presentar esta documentación como data límite o 27 de decembro de 2024.

Comprometeranse a comprobar que non se produce ningún mal uso dos “rasca e gaña”, cumprindo e facendo cumprir estritamente os termos de estas bases e convocatoria.

Comprometeranse a recoller e retirar os rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II” premiados se detectan un uso fraudulento das mesmas, informando aos clientes dos motivos polos que non se poden trocar, e inmediatamente comunicalo ao Concello.

Artigo 7.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento polo Concello de A Laracha dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello da Laracha determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, infórmase aos interesados do seguinte:

A.-Responsable do tratamento:

O responsable do tratamento é do Concello da Laracha, con domicilio para os efectos de notificacións na Praza do Concello, s/n, 15145 A Laracha (A Coruña), teléfono de contacto 981605001 e correo electrónico: concello.laracha@fegamp.gal. Pode contactar co noso delegado de protección de datos no correo electrónico: dpd@alaracha.gal.

B.-Finalidade do tratamento

Os datos subministrados coa solicitude trátanse coa finalidade de levar a cabo as xestións necesarias para o desenvolvemento da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II”, garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o dalgún dos bonos “Eu merco na Laracha” e resto de actuacións derivadas desta, en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei

19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación.

C.-Base xurídica do tratamento

A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude fúndase no disposto nos apartados c) (o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable de tratamento) e e) (o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable de tratamento) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679.

D.-Cesións de datos

Os datos subministrados ao Concello da Laracha serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos, número de teléfono móbil e enderezo.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras expediente contradictorio previo con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.
- Publicaranse igualmente na sede electrónica municipal e na páxina web da campaña: www.nadal.alaracha.gal

E.-Transferencias internacionais

En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

F.- Prazo de conservación

Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello da Laracha de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

G.-Elaboración de perfís

En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

H.-Dereitos

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso aos seus datos, así como á súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado. Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido ao Concello da Laracha ou contactando co Delegado de Protección de Datos no correo: dpd@alaracha.gal.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao Concello da Laracha neste procedemento.

En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

3.-A falla de subministración ao Concello da Laracha dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

Artigo 8.- Exclusiones.

Os "rasca e gaña" premiados non poden ser trocadas nas compras dos seguintes produtos:

- Bebidas alcohólicas de gradación igual ou superior a 20 grados.
- Tabacos e asimilados.
- Produtos farmacolóxicos que precisen prescrición médica.
- Loterías, apostas e xogos de azar.

Se un comercio troca un “rasca e gaña” premiado aplicando o desconto nunha compra en cuxo tícket se reflexe a venda de algún produto dos que se recollen aquí como excluídos, será descontado o seu importe (IVA incluído) do total do valor da compra (IVA incluído), afectando ao cumprimento do requisito sobre o importe mínimo del tícket ao que pode ser aplicado o desconto do premio, é dicir, podendo non acadar os 20 euros mínimos, non reembolsándose os 10 euros do desconto ao comercio que solicita liquidación, solo neste caso.

Artigo 9.- Xestión de solicitudes de adhesión e dos “rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II”.

A área de Promoción Económica e desenvolvemento local do Concello de A Laracha xestionará as solicitudes presentadas correctamente, dentro do prazo aberto para a presentación de solicitudes dos “rasca e gaña da campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II”.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias de adhesión á campaña “AGASALLA COMERCIO LOCAL, TEN PREMIO II”, que será o día 15 de novembro, serán todas revisadas e derivadas a unha base de datos. En caso de que algún local non cumpra os requisitos de adhesión será excluído por incumprimento.

Posteriormente, se procederá a facer público a listaxe de todos os locais participantes na campaña.

A partir de ese momento se comezará có reparto de todo o material promocional da campaña así como os lotes de rasca e gaña para poder comezar a entregalos aos clientes entre o **2 e o 22 de decembro**.

Será entregado o mesmo número de “rasca e gaña” a cada local participante, sendo posible solicitar e recoller mais “rasca e gaña”, que serán entregados no edificio administrativo, nun único día, sendo previsto o **13 de decembro**, cando os locais acrediten que entregaron todos os “rasca e gaña.” Para solicitar nova remesa de “rasca e gaña”, deberá facerse previamente por escrito vía e-mail ao seguinte: emprego@alaracha.es

Se repartiran 10.000 “rasca e gaña polo nadal”, dos cales 1.000 estarán premiados con valor de 10 euros cada un. Ademais dos vales con premio directo dos aportados polos locais participantes.

O resto de “rasca e gaña” non premiados poderán ser depositados ata o día 27 de decembro nas urnas ubicadas nas bibliotecas municipais de Paiosaco, Caión e Torás (nos horarios de apertura de ditas instalacións).

Con todos os “rasca e gaña” depositados nas urnas se realizará o sorteos dos seguintes premios:

- 1º premio: Unha experiencia cultural (estancia 1 noite en hotel e entradas para ver El Rey León en Madrid para dúas persoas)
- 2º premio: Unha experiencia turística (estancia 2 noites con acceso a spa no Augusta Eco Wellness Resort de Sanxenxo para dúas persoas).
- 3ª premio: Unha experiencia gastronómica (comida/cena para dous)

Calquera dos premios poderán ser obxecto de modificación por parte do Concello, por causas de forza maior, en todo caso por premios do mesmo ou superior valor.

O día e a hora do sorteo público no Salón de Plenos Municipal, así como o resultado do mesmo serán comunicados a través da páxina web www.nadal.alaracha.gal.

O sorteo se realizará mediante a extracción de 3 rasca e gaña por orde, correspondendo o primeiro premio có primeiro rasca e gaña extraído e así có segundo e o terceiro. Tamén se extraerán 10 rasca e gaña mais para ter unha listaxe de reserva, de ser preciso acudir a ela. A persoa que extraerá os rasca e gaña, será a secretaria municipal ou persoa en quen delegue.

Os premiados serán convocados no día e hora fixado e publicado na mesma web. No caso de renuncia ao premio, ou outro motivo que impida entregalo existirá unha listaxe de 10 participantes en reserva.

SEGUNDO: publicar o anuncio deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e o texto integro na sede electrónica municipal e páxina web.

A Laracha, 17 de outubro de 2024

O alcalde

Jose Manuel López Varela.

2024/7385